


PROXECTO EDUCATIVO



CPR SAN FERMÍN – PP. SOMASCOS



**CALDAS DE REIS
PONTEVEDRA**



CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN

PP. SOMASCOS

r/ Fermín Mosquera, 2
36650 CALDAS DE REIS

PROXECTO EDUCATIVO



O NOSO FUNDADOR

A Congregación dos Pais Somascos foi fundada por S. Xerome Emiliani, nado en Venecia no 1486.

Encadeado na defensa de Venecia, foi liberado pola Virxen que lle amosou o camiño cara a unha nova vida, volcada cara os demais; adicándose sobre todo ós nenos orfos e ó ensino do catecismo.

O seu proxecto educativo: traballo, devoción, caridade, suscitou un amplo movemento de amigos e cooperadores que deu orixe ós Pais Somascos.

O 8 de febrero de 1537, despois de cuidar ós apestados, morre na pequena aldea de Somasca.



O NOSO CENTRO

O Colexio San Fermín ten orixe na fundación Fermín Mosquera creada por D. Fermín Mosquera na localidade. Nun primeiro momento (ano 1915) fixéronse cargo os Irmaos das Escolas Cristiás. No ano 1961 fíxose cargo del a Congregación dos Padres Somascos.

O Colexio atópase no mesmo casco urbano de Caldas de Reis. As súas instalacións están equipadas con todo o necesario para o ensino. Cuenta con zonas cubertas para o exercicio do deporte e amplas instalacións deportivas exteriores.

Imparte o ensino desde o 1º Ciclo de Educación Infantil e 2º Ciclo de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Como centro católico ofrece actividades de carácter relixioso adaptado para todas as idades.



CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN

PP. SOMASCOS

r/ Fermín Mosquera, 2
36650 CALDAS DE REIS

PROXECTO EDUCATIVO

«Xa que os pais deron a vida os seus fillos, están obrigados gravísimamente a educa-los e, por iso, deben ser recoñecidos como os primeiros e principais educadores deles»

INTRODUCCIÓN

- ✚ **Art. 1.-** No exercicio do dereito que recoñece o artigo 27 da Consitucion Española, a lexislación orgánica e demais disposicións que o desenvolven, a Congregación dos Pais Somascos, Titular do Centro, establece neste documento o Carácter Propio do mesmo que debe inspirar e dar coherencia ó Proxecto Educativo e ó Regulamento de Réxime Interior.
- ✚ **Art. 2.-** A Entidade Titular é responsable de propor e dar continuidades a aqueles principios que definen o tipo de educación que ofrece, así como aqueles criterios de educación que garantizan a fidelidade á acción educativa.

- ✚ **Art. 3.-** A plena consecución dos obxectivos aquí contidos esixe que todo-os membros da comunidade educativa teñan coñecemento do Carácter Propio do Centro e o acepten ou, a lo menos, o respecten. A Entidade Titular facilitará ese coñecemento.



1.- IDENTIDADE DOS NOSOS CENTROS

CENTROS ABERTOS A TODOS

Os pais son os primeiros e principais responsables da educación dos seus fillos. A eles correspóndelle, pois, o dereito preferente de elixir o tipo de educación e a escola que desexan para os seus fillos. Polo tanto,

- ✚ **Art. 4.-** Queremos que todo o que desexe a educación que se imparte no noso Centro poda recibi-la.
- ✚ **Art. 5.-** Rexeitamos toda discriminación na admisión de alumnos por razón da clase social, posición económica, crenzas relixiosas, afiliacións políticas ou cualidades humáns.
- ✚ **Art. 6.-** Dentro desta postura, a nosa preferencia oriéntase cara os mais necesitados.





CENTROS DA IGREXA



- ✚ **Art. 7.-** Os Colexios dos PP. Somascos, postos ó servizo da xuventude, son Centros confesionais católicos.
- ✚ **Art. 8.-** Como Centros, pois, da Igrexa, e desde a peculiaridade do carisma do noso Fundador S. Xerome Emiliani, inspíranse en Cristo como modelo, que nos ofrece unha perspectiva determinada da orixe e do destino do hombre, da súa dignidade e da súa misión na familia, no traballo e na sociedade.
- ✚ **Art. 9.-** Desde esta perspectiva intentamos acadar as fins que pretende todo Centro educativo escolar, subliñando certos valores e elixindo unha determinada pedagogía e organización.
- ✚ **Art. 10.-** Non impoñemos a ninguén esa perspectiva. Consideramos ó home inviolable na súa vida, na súa liberdade e na súa conciencia.

EDUCAMOS DESDE A FE E PARA A FE



- ✚ **Art. 11.-** Damos por suposto que os alumnos do noso Centro saben cal é a nosa identidade. Isto quer dicir que todos aceptan ou respectan que Xesus Cristo e a súa mensaxe son para nós o mellor proxecto de existencia e que neles enraízanse os valores e o clima da nosa educación.
- ✚ **Art. 12.-** Con fe ou sen ela, no horizonte do home está Deus. Por iso optamos por unha formación aberta á trascendencia, convencidos de que a relixión e a fe enriquecen á persoa humana.
- ✚ **Art. 13.-** Como Centro Católico, formamos parte da Igrexa local e compartimos activamente a súa misión evangelizadora, participando na pastoral de conxunto.
- ✚ **Art. 14.-** O ensino relixioso escolar forma parte da educación na fe e da súa oferta. Será impartida coa maior calidade posible dentro do horario escolar.
- ✚ **Art. 15.-** Pretendemos ademais:
 - que todo o ensino constitúa un diálogo entre a fe e a cultura;
 - que o clima da nosa escola esté configurado pola vivencia cristiã;
 - que unha serie de actividades de libre opción, entre as que se inclúen a oración e a vida sacramental, completen a pastoral educativa do Centro.
- ✚ **Art. 16.-** Obrigámonos a unha formación que faga posible, dun xeito progresivo, a opción persoal libre e comprometida pola fe cristiã, dando a oportunidade e os medios para atopar a Cristo.



ESTILO EDUCATIVO

CÓMO VEMOS Ó HOME

- ✚ **Art. 17.-** O home é señor do mundo e fillo de Deus. A súa dignidade persoal merece todo respecto. Está feito para a verdade, o amor e a liberdade e é acreedor a que todos os ordenamentos xurídicos lle recoñezan os seus dereitos, que comportan os correspondentes deberes.
- ✚ **Art. 18.-** O home ten dereito ó pleno desenvolvemento de toda-las súas dimensións espirituais e corporais e, polo tanto, a unha educación integral. O marco básico desa educación é a familia.
- ✚ **Art. 19.-** O home é un ser social. Por iso débese e débese á xustiza, á solidariedade e á fraternidade cos demais homes, e á transformación perfeccionadora da sociedade na que vive.
- ✚ **Art. 20.-** O home vive nunha sociedade pluralista e mudante, habita nunha natureza cada vez mais coñecida, explotada e, ás veces, ameazada pola técnica. Para aproveitar o moito de positivo que hai nesta situación, o home ten que permanecer arraigado na familia na que nace e na que se forma, na cultura que lle é propia e na conservación da natureza. Cada home e cada sociedade ten dereito a súas propias raíces.



VALORES, ACTITUDES E COMPORTAMENTOS QUE POTENCIAMOS

Correspondendo á nosa visión do home, educamos para:

- ✚ **Art. 21.-** A convicción de que o home vale mais polo seu ser auténtico que polo seu facer e a súa riqueza material.
- ✚ **Art. 22.-** O respecto a todo-los homes, calesqueira que sexan as súas ideas e accións.
- ✚ **Art. 23.-** A crenza de que o home é un ser aberto a Deus, que da sentido a súa vida e a súa relación cos demais homes e co mundo.
- ✚ **Art. 24.-** A autonomía persoal como expresión de autorrealización e de madurez.
- ✚ **Art. 25.-** A solidariedade e, mais en profundidade, a fraternidade con todos eles, intentando chegar a velos como fillos de Deus e irmáns de Cristo. Aquí está a chave de todo o demais.
- ✚ **Art. 26.-** A paz, a convivencia, a comunicación entre os homes e os pobos, cun espírito aberto, dialogante, flexible, alleo a toda forma de violencia.





CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN

PP. SOMASCOS

r/ Fermín Mosquera, 2
36650 CALDAS DE REIS

PROXECTO EDUCATIVO

Esto só será posible se educamos:



✚ **Art. 27.-** Na responsabilidade persoal, o sentido do deber, a asunción do traballo como enriquecemento da propia persoa e como ineludible achega á sociedade.

✚ **Art. 28.-** No sentido da xustiza nas relacións persoais e nas estruturas sociais, económicas e políticas, cunha profunda sensibilidade cara as inxustizas existentes e unha conciencia operante de compromiso na transformación constante e positiva da sociedade e do mundo no que vivimos.

✚ **Art. 29.-** Na liberdade persoal, nun proceso de progresiva liberación dos condicionamentos internos e externos; o respecto á liberdade dos demais; a inqueda e o rexeitamento fronte a toda restricción, manipulación e opresión da liberdade dos individuos, os grupos e os pobos.

✚ **Art. 30.-** Na visión positiva do home e do acontecer humano, motivando a esperanza e a alegría que debe ser o talante habitual de educadores e alumnos.

✚ **Art. 31.-** No conxunto de valores e actitudes que conforman unha antropoloxía cristiá e os seus códigos morais.

A educación nestes aspectos fundamentais só será posible se a vida mesma do Centro encarna, nas súas estruturas e nos seus formadores, o que quere transmitir.



OS NÓSOS CRITERIOS PEDAGOXICOS

Partindo do alumno como principal artífice da súa propia educación; as características do home de hoxe e da cultura na que vive; e os retos previsibles que pode plantexarlle o futuro, estimamos necesario que a liña pedagóxica global do Centro teña as seguintes características:

✚ **Art. 32.-** Cultivar de xeito harmónico, gradual e axeitado á idade, tódolos compoñentes da personalidade humana: intelectuais, volitivos, afectivos, estáticos, físicos, sexuais, etc.

✚ **Art. 33.-** Poñer en práctica continuamente unha pedagogía personalizada baseada no amor, que ten en conta a cada alumno como é e se acomoda ás características que demanda a súa propia individualidade.

✚ **Art. 34.-** Seguir unha pedagogía activa, que fomente a iniciativa, a creatividade e a busca persoal das verdades e certezas.



- ✚ **Art. 35.-** Ensinar a buscar espacios de interioridade fronte ó continuo acoso da exterioridade na que estamos sumerxidos.
- ✚ **Art. 36.-** Integra-los contidos da fe e a cultura e converti-los en vida persoal.
- ✚ **Art. 37.-** Equilibrar o traballo teórico co manual e o técnico.
- ✚ **Art. 38.-** Exercitar na análise e crítica dos contidos, capacitando para o discernimento, as conviccións e a toma de decisións.
- ✚ **Art. 39.-** Dar importancia ó dominio dos cauces de comunicación, á palabra oral e escrita; á valoración da imaxe, á utilización dos medios de comunicación social.
- ✚ **Art. 40.-** Orientar para o ocio e o seu aproveitamento, resaltando a cultura e o deporte.
- ✚ **Art. 41.-** Aprender a traballar en grupo, en colaboración, de xeito coordinado. Primar a asimilación das técnicas de aprendizaxe sobre a acumulación de contidos.
- ✚ **Art. 42.-** Suscitar un talante dinámico, non estático; aberto á necesidade dunha continua actualización dos saberes; preparado para a evolución e o cambio constante da vida en tódolos seus aspectos.
- ✚ **Art. 43.-** Tratar ós alumnos-as con espírito de servizo, con cercanía, en relación de amizade, ca autoridade nacida da propia competencia e entrega, sen autoritarismos nin dogmatismos.
- ✚ **Art. 44.-** Buscar, en fin, que o alumno se sinta feliz no seu traballo, nas relacións cos profesores e compañeiros, en toda-las actividades que constitúen a vida do Centro.

2.- ORGANIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

COMUNIDADE EDUCATIVA

- ✚ **Art. 45.-** Nos nosos Centros Educativos, profesores, pais, nais, alumnos, persoal non docente e Entidade Titular constitúen unha Comunidade Educativa, na que todos ilusionada e responsablemente participan con funcións propias de cada grupo na reflexión, elaboración e realización da grande tarefa de educar e educarse.
- ✚ **Art. 46.-** Esta tarefa inclúe a inserción activa no seu entorno inmediato, cuxa promoción social e cultural debe procurar, e a colaboración e coordinación con outras entidades educativas.
- ✚ **Art. 47.-** Desexamos que a Comunidad Educativa ofrezca a todos un aire de **FAMILIA** polo:
 - a) ambiente sinxelo e aberto;
 - b) as relacións interpersoais alimentadas polo diálogo, a comprensión e a amabilidade;
 - c) a continuidade de valores, criterios, métodos;





d) a mutua harmonía e axuda nas programacións e revisións;

e) a esixencia persoal no cumprimento das propias obrigas.

- ✚ **Art. 48.-** Aspiramos a que a Comunidade Educativa chegue a constituirse, na medida do posible, en Comunidade Educativa cristián.
- ✚ **Art. 49.-** A responsabilidade da Comunidade Educativa ten que ser unha responsabilidade compartida, que mire o ben de todos e se traduza nunha participación activa e debidamente ordeada en tódolos órganos de goberno establecidos e en toda a actividade do Centro.
- ✚ **Art. 50.-** A Titularidade do Centro recoñece ós órganos de goberno do mesmo as atribucións que as disposicións legais lles confiren, dentro do respecto ó Carácter Propio que aquí se establece, e espera deles a máis ampla e decidida colaboración para que dito Carácter se verifique na práctica.
- ✚ **Art. 51.-** A Entidade Titular do Centro considera á Comunidade Educativa como o corpo vivo no que ten que cobrar forma o Carácter Propio que se desenvolve neste documento. É consciente de que só coa colaboración de todos pode chegar a realizarse e pide confiadamente a todos esa colaboración.



PROFESORES

- ✚ **Art. 52.-** Os profesores constitúen unha peza fundamental na Comunidade Educativa. Son profesionais da educación e a súa labor formativa vai máis alá da que comporta a transmisión sistemática dunha serie de coñecementos, xa que son educadores da personalidade dos alumnos-as en tódolos seus aspectos e dimensións.
- ✚ **Art. 53.-** Recoñecemos ós profesores o derecho ó exercicio da liberdade de cátedra, «dentro dos límites propios do puesto docente que ocupan», límites que veñen dados polas características específicas do nivel educativo no que imparten o seu ensino e polo Carácter Propio deste Centro. Desexamos compartir con eles a misión educativa non só no respecto mutuo, senón na profunda comunión de intencións e actitudes.
- ✚ **Art. 54.-** O testemuño e a competencia dos profesores son factores insustituíbles da formación dos alumnos-as; procuraremos por conseguinte:
 - Dignifica-la súa actividade;
 - Solicita-la súa sinceira colaboración na tarefa formativa;
 - Facilita-la súa formación permanente na orde profesional, humana e relixiosa.
- ✚ **Art. 55.-** Na selección do profesorado do Centro terase en conta o Carácter Propio que neste documento se define. (Sentenza do Tribunal Constitucional do 13 de febreiro de 1981).



CPR PLURILINGÜE SAN FERMÍN

PP. SOMASCOS

r/ Fermín Mosquera, 2
36650 CALDAS DE REIS

PROXECTO EDUCATIVO

PAIS/NAIS DE ALUMNOS

- ✚ **Art. 56.-** Consideramos que ningún dos nosos Centros Educativos pode levar a cabo as súas fins propias sen o apoio e a colaboración dos pais-nais de alumnos-as. Por iso procuraremos sempre unha estreita relación en orde a unha educación conxunta coherente.
- ✚ **Art. 57.-** Alentamos, asimesmo, como algo esencial, o movemento asociativo dos pais-nais e desexamos que participen activamente na posta en práctica dos principios do Carácter Propio deste Centro.
- ✚ **Art. 58.-** Estimamos que a nosa responsabilidade de educadores abrangue o proporcionar aos pais-nais a axuda necesaria para que podan realizar cada vez mellor a súa propia tarefa de educadores principais dos seus fillos; é tamén o noso desexo axuda-los a vivenciar e madura-la súa fe.

ALUMNOS

- ✚ **Art. 59.-** Na nosa acción educativa partimos dun principio básico: o alumno-a é o suxeito da propia formación. Polo tanto, canto realizamos no centro ten un obxectivo moi claro e preciso: ofrecer ó alumno-a ocasións de medrar e madurar en tódolos aspectos da súa personalidade.
- ✚ **Art. 60.-** Consideramos positivo e fomentamos o asociacionismo dos alumnos-as, así como a súa participación na vida e goberno dos nosos Centros na medida das súas posibilidades.
- ✚ **Art. 61.-** Desexamos, en fin, que os alumnos-as, unha vez rematados os seus estudos no Centro, podan considerar sempre esta etapa da súa educación como base fundamental de toda a súa formación humana e relixiosa. O Centro esforzarase por seguir atendendo ós seus antigos alumnos-as e por manter con eles unha estreita vinculación.



PERSOAL NON DOCENTE

- ✚ **Art. 62.-** A función do Persoal non docente consiste en manter eficiente a estrutura material e organizativa do Centro. Consideramos a súa función como condición indispensable para a formación dos alumnos-as. Así pois, sentíndose válidos e responsables membros da Comunidade Educativa, libremente ofrezcan o seu servizo con espírito de entrega e xenerosidade.

CONCLUSIÓN

Os Padres Somascos manifiestan o seu propósito de que, agradecendo a colaboración dos que viven e traballan nos seus Centros, éstos sexan efectivamente lugares privilexiados de desenvolvemento persoal integral na liña cos principios do humanismo cristián.